

NORMAS PARA PARTICIPAR NA BATALLA DE FLORES 2025 FESTAS DO CARME



1. Con motivo das FESTAS DO CARME 2025, o Concello de Marín organiza a Batalla de Flores o xoves 10 de xullo de 2025 ás 22:30h.
2. Partirá dende as instalacións do Porto, á altura de Nodosa, pasando por Avenida de Ourense, Praza de España, Almuíña, Jaime Janer e Concepción Arenal, rematando á altura do Parque Eguren.
3. Poderán participar nenos e nenas nados antes o 31 de decembro de 2019, tendo preferencia empadroados en Marín. No caso de nenos ou nenas de menor idade, será responsabilidade exclusiva do pai, nai ou titor legal.
4. Os nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 decembro de 2022 deberán ir acompañados dunha persoa adulta, que terá que ir acompañando disfrazada coa indumentaria acorde ao motivo da carroza correspondente. Ademais deberán cubrir o anexo I que se adxunta a esta normativa, e entregalo acompañado de copia do DNI do solicitante e do responsable acompañante na ALCALDIA DO CONCELLO ou por correo electrónico ***alcaldia@concellodemarin.es*** antes do 7 de xullo de 2025.
5. Os disfraces serán acordes aos motivos da carroza correspondente.
6. Haberá unha reunión previa o martes 8 de xullo ás 21:00h. no Museo Manuel Torres, onde se explicarán os aspectos específicos para que a batalla de flores se desenvolva con total seguridade, tanto para as persoas participantes, como tamén para as que gocen do espectáculo.
7. Todas as persoas que participen na batalla de flores comprométense a manter unha conduta correcta en todo momento e durante o percorrido da mesma, non se baixará nin se subirá ningún da carroza salvo por causas de forza maior.